




XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE



IES A Basella



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 [ies.abasella@edu.xunta.gal](mailto:ies.abasella@edu.xunta.gal)

# IES A Basella

# Programación didáctica

## Departamento de Biología e Xeoloxía



**Curso 2022-2023**

<b>Data</b>	15 de setembro de 2022
<b>Versión</b>	Ver 1.0
<b>Tipo</b>	Programación didáctica Biología e Xeoloxía

## ÍNDICE

<b>1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>2</b>
1.1.- Profesorado, materias e horas impartidas	2
1.2.- Alumnos por grupo	2
<b>2.- OBXECTIVOS</b>	<b>3</b>
<b>3.- CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE</b>	<b>5</b>
<b>4.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS</b>	<b>6</b>
<b>5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	<b>7</b>
<b>6.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA</b>	<b>8</b>
6.1- MÉTODOS A EMPREGAR	8
6.2- FASES DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE	10
6.3.- DESEÑO DE ACTIVIDADES	11
6.4.- AGRUPAMENTOS E USO DOS ESPAZOS	13
<b>7.- AVALIACIÓN</b>	<b>15</b>
7.1.- AVALIACIÓN INICIAL	15
7.2.- AVALIACIÓN CONTINUA	15
7.3.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	15
7.4.- CONTRIBUCIÓN DE CADA PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN Á NOTA FINAL	16
7.5.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	17
7.6.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	17
7.7.- RECUPERACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN	17
7.8.- AVALIACIÓN FINAL	18
7.9.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO	18
7.10.- AVALIACIÓN DE PENDENTES	18
7.11.- ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS	19
7.12.- RECLAMACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS	20
7.13.- COPIA E PLAXIO	20
<b>8.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>21</b>
8.1.- DIVERSIDADE NA APRENDIZAXE	21
8.2.- PLAN de ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	22
<b>9.- CALENDARIO ESCOLAR E TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>25</b>
<b>10.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>26</b>

<b>11.- AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE</b>	<b>27</b>
11.1.- CRITERIOS A CONSIDERAR	27
11.2.- INSTRUMENTOS DE SEGUIMIENTO E OBSERVACIÓN	28
<b>12.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.</b>	<b>29</b>
<b>13.- ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES</b>	<b>30</b>
<b>BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 4º DE ESO</b>	<b>31</b>
PERFIL COMPETENCIAL	32
UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN	33
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	37
Contribución de cada tipo de estándar na avaliación de Biología e Xeoloxía de 4º de ESO	40
<b>BIOLOXÍA 2º DE BACHARELATO</b>	<b>41</b>
PERFIL COMPETENCIAL	42
UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN	44
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	47
Contribución de cada tipo de estándar na cualificación de Biología de 2º Bacharelato	53
<b>XEOLOXÍA 2º DE BACHARELATO</b>	<b>54</b>
PERFIL COMPETENCIAL	55
UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN	57
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	62
Contribución de cada tipo de estándar na cualificación de Xeoloxía de 2º Bacharelato	66
<b>ANEXOS</b>	<b>68</b>
I. RÚBRICAS DE AUTOAVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	69
II. RÚBRICAS DE INDICADORES DE LOGRO DA PROGRAMACIÓN	72
III. SOLUCIÓN PARA AXUSTAR A TEMPORIZACIÓN	72
IV. SEGUIMIENTO DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS	73
V. PLAN TRABALLO DEPARTAMENTO	75

# 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 1.1.- PROFESORADO, MATERIAS E HORAS IMPARTIDAS

PROFESOR/A	CURSO	MATERIA	GRUPOS	HORAS/ SEMANA	TOTAL HORAS
<b>Ana Isabel Fernández Falcón</b>	1º BAC	Biología, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	1	4	4
	1º BAC	Laboratorio	1	1	1
	2º BAC	Xeoloxía	1	4	4
<b>Ángela Morales Rolán</b>	1º ESO	Biología e Xeoloxía	3	3	9
	3º ESO	Biología e Xeoloxía	2	2	4
	1º BAC	Anatomía Aplicada	1	4	4
<b>Germán Santos Galiñanes (X.D.)</b>	4º ESO	Biología e Xeoloxía	1	3	3
	1º BAC	Biología, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	1	4	4
	1º BAC	Laboratorio	1	1	1
	2º BAC	Biología	1	4	4
<b>TOTAL</b>					<b>38</b>

## 1.2.- ALUMNOS POR GRUPO

Materia	Grupo	Nº de alumnos	Repetidores	Pendientes
<b>Biología e Xeoloxía 1º ESO</b>	A	20	2	-

	B	20	1	-
	C	19	2	-
<b>Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO</b>	A	28	1	-
	B	23	1	-
<b>Bioloxía e Xeoloxía 4º ESO</b>	A	13	-	1
	B	15	1	1
<b>Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais 1º BAC</b>	A	12	-	-
	B	16	-	-
<b>Anatomía Aplicada</b>	1	26	-	-
<b>Bioloxía 2º BAC</b>	1	27	1	-
<b>Xeoloxía 2º BAC</b>	1	4	-	-

## 2.- OBXECTIVOS

O Decreto 86/2015 enumera os obxectivos da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Nas táboas para cada curso relaciónanse os obxectivos cos contidos sinalados e os criterios de avaliación. Os obxectivos para a ESO son os seguintes:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas , así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona.

## 3.- CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

INDICADORES DE COMPETENCIAS CLAVE	
COMPETENCIA	CONTRIBUCIÓN
CCL	<ul style="list-style-type: none"><li>● Lectura e redacción de textos técnicos e presentación multimedia.</li><li>● Emprego do vocabulario científico na fala e na escritura.</li></ul>
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"><li>● Implícita en tódolos contidos:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Aprendizaxe de conceptos e as súas interrelacións.</li><li>○ Observación do mundo físico e dos fenómenos naturais.</li><li>○ Aplicación do método científico na vida cotiá.</li><li>○ Comprensión do funcionamento do propio corpo.</li></ul></li><li>● A competencia matemática mediante:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Aplicación de operacións e cálculos na formulación e resolución de problemas.</li></ul></li></ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Interpretación e elaboración de gráficas.</li> <li>○ Cuantificar fenómenos naturais e expresar datos.</li> </ul>
<b>CD</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Uso de ferramentas e software informático.</li> <li>● Uso de Internet como fonte de información.</li> <li>● Emprego das TIC nos exercicios e informes.</li> </ul>
<b>CAA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Elaboración de resumos, esquemas e mapas mentais.</li> <li>● Formulación e resolución de problemas e exercicios.</li> <li>● Iniciativa para buscar información, solucións e alternativas.</li> </ul>
<b>CSC</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Colaboración nas tarefas de grupo.</li> <li>● Respecto cara aos compañeiros e as obras dos demais.</li> <li>● Recoñecemento e valoración do medio ambiente saudable.</li> <li>● Implicacións sociais, positivas e negativas, do desenvolvemento científico.</li> </ul>
<b>CCEC</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Selección, deseño e emprego de material gráfico.</li> <li>● Elaboración de carteis e material multimedia.</li> <li>● Estímulo da creatividade e da fantasía.</li> <li>● Orixinalidade e estética nos informes.</li> <li>● A natureza e o corpo humano como fonte de inspiración artística.</li> </ul>
<b>CSIEE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Busca de alternativas e toma de decisión.</li> <li>● Valoración realista dos resultados.</li> <li>● Relacionar contidos con aplicacións na vida cotiá.</li> <li>● Desenvolvemento do pensamento crítico e científico: enfrontarse a problemas, analízalos, propor solucións e avaliar consecuencias.</li> </ul>

## 4.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Son contidos que se inclúen en tódolos temas:

- Comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- TIC.
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional.

Na táboa das unidades didácticas especifícanse os estándares de aprendizaxe máis relevantes aos que se poden incorporar. Aparte, seleccionáranse exemplos e textos relacionados que resalten os elementos transversais.

Caso especial merece a educación cívica e constitucional que se subdivide en diversos elementos que serán considerados segundo os seguintes criterios:

**Educación para a tolerancia, a convivencia e a paz, a educación intercultural e a igualdade de sexos:** Valorando e promovendo estes valores nos agrupamentos. Buscar exemplos, sempre que sexa posible, para resaltar estes valores.

**Educación ambiental:** Elemento asociado a practicamente tódolos contidos da materia, e moi especialmente aos temas de ecoloxía.

**Promoción da saúde:** Elemento asociado a moitos dos contidos da materia. Asociar, mediante exercicios, os contidos con medidas preventivas da saúde na vida cotiá.

**Educación sexual:** Asociado aos temas con contidos relativos á reprodución dos seres vivos como mecanismo de perpetuación das especies.

## 5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Atendendo ás súas características, clasificaremos estes recursos como:

### Recursos didácticos convencionais:

- Libros de texto de consulta.
- Biblioteca de aula e centro.
- Encerado tradicional.
- Maquetas e modelos a escada.
- Laboratorio equipado con material de prácticas.

### Recursos non convencionais

- Encerado dixital nas aulas Abalar e pantalla no resto.
- Ordenador e canón proxector en todas as aulas.
- Ordenadores e-Dixgal (profesor e alumnos) en toda a ESO.
- Dúas aulas de informática.
- Materiais didácticos TIC, de elaboración propia e allea.
- Aulas virtuais. Nas aulas virtuais, dependendo do grupo, poderán estar dispoñibles os apuntamentos do curso, as presentacións de clase, actividades de ensino-aprendizaxe, actividades de reforzo e ampliación, vídeos educativos propios ou alleos, liazóns a información de interese, exames, etc.

# 6.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Empregaranse diferentes metodoloxías para chegar a un alumnado diverso e tratar de conseguir a motivación necesaria para espertar o interese pola materia relacionando os contidos e actividades cos intereses particulares deste alumando.

Tentarase potenciar aquelas metodoloxías activas e de memorización comprensiva e partir da competencia inicial mediante unha sinxela avaliación ao inicio de cada tema.

## 6.1- MÉTODOS A EMPREGAR

Exemplos de métodos que se empregarán:

1. **Método expositivo:** Utilizado para presentar o tema. Consta de catro fases:
  - **Fase de introdución e motivación:** a través dun debate en gran grupo no que se analizarán a importancia dos contidos a tratar, as ideas e coñecementos previos, os intereses do alumnado sobre o tema e a utilidade na vida cotiá. De curta duración.
  - **Fase informativa:** na que o profesor ou profesora é o protagonista. Ten a finalidade de espertar a motivación, organizar o traballo e aportar a información básica. Ten que ser de curta duración para evitar a ancestral clase maxistral, empregando frecuentemente os recursos TIC.
  - **Fase exemplificativa:** Tamén co profesorado como protagonista. Nela realízanse demostracións prácticas de curta duración.
  - **Fase de consolidación:** Realización de actividades baseadas nas fases anteriores sendo o alumnado o protagonista. Duradeira no tempo.
2. **Método por descubrimento guiado:** Ten como protagonista ao alumnado que realiza unha investigación activa e autónoma, elabora os seus propios

coñecementos a partir das orientacións do profesorado. Son modelos desta metodoloxía:

- Cuestionarios (Webquests) de busca de información.
- Realización de actividades interactivas.
- Resolución de exercicios e problemas.
- Prácticas de laboratorio.

### **3. Métodos de aprendizaxe baseada en proxectos e en problemas:**

Considerando os obxectivos e contidos da materia selecciónase, coa participación do alumnado e a orientación do profesorado, un proxecto a desenvolver mediante grupos de traballo. A temática é variada en función da materia, podendo consistir nun traballo de investigación bibliográfica ou científica que se plasmará nun documento en diversas modalidades. Son exemplos:

- Mantemento dunha wiki, blog, twitter,... da clase.
- Traballo de investigación sobre algúns contidos da materia.
- Elaboración de carteis.
- Realización de presentacións e outros recursos educativos (os alumnos).
- Participación en algún concurso pedagóxico relacionado coa materia.

### **4. Aprendizaxe inversa:**

Algúns temas poden impartirse empregando a metodoloxía inversa consistente en que o alumnado estude na casa a parte teórica para realizar as tarefas na clase. Realízase en temas que non resulten de difícil comprensión ou nos que o alumnado demostre posuír unha base de coñecementos suficiente durante a avaliación inicial.

## **6.2- FASES DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE**

A metodoloxía sinalada no punto anterior desenvolverase en tres fases:

1. **Comezo de cada unidade didáctica:** Esta fase ten por obxecto identificar os coñecementos, preconceitos e intereses do alumnado empregando diversas actividades da avaliación inicial: xogos de cuestionarios, debates, diálogo profesor-alumno, lluvia de ideas, xogos de simulación, interpretación de datos e situacións, novas do día, etc.
2. **Desenvolvemento dos contidos:** Durante esta fase realízanse as actividades e exercicios de exposición, síntese, reforzo e ampliación, sendo a máis duradeira no tempo. As actividades han de ser variadas, especialmente na ESO, para evitar a rutina. Tamén se intercalarán actividades que requiren maior e menor grao de atención para evitar o cansazo. Procurarase que sexan atractivas e próximas á realidade e aos intereses do alumnado e conectadas aos criterios de avaliación para permitir unha avaliación continua diaria. A cualificación diaria, ben sexa mediante unha táboa de avaliación ou un rexistro anecdótico é fundamental para estimular a participación nas tarefas de clase.

O docente deixará o seu papel de transmisor de información para adquirir outros como o de deseñador de situacións de aprendizaxe, titorización dos estudantes e produtor de medios. No caso dos estudantes, necesitarán estar máis capacitados para a autoaprendizaxe mediante a toma de decisións e o diagnóstico das súas necesidades, a busca significativa do coñecemento, ao mesmo tempo que deberán estar menos preocupados pola repetición formal e memorística dos contidos.

3. **Centrar e coordinar as ideas:** Nesta fase aplícanse actividades de consolidación dos contidos de cada unidade, a súa relación con outras unidades e materias e casos de aplicación na vida cotiá. Se ben se desenvolven ao rematar cada tema, non estaría de máis que ao inicio de cada clase se fixera un breve resumo do estudiado na clase anterior. Neste fase tamén se poden aplicar actividades de ampliación e reforzo, se ben estas últimas é preferible empregarlas no momento xusto no que se detecte algunha dificultade de aprendizaxe.

4. **Avaliación:**

- a. Análise de producións: caderno, mapas, comentarios, etc.

- b. Exposicións orais.
- c. Probas escritas.
- d. Traballos individuais e en grupo.
- e. Observación do traballo na aula.
- f. Outros:

### 6.3.- DESEÑO DE ACTIVIDADES

Xa vimos que as actividades poden clasificarse, en función da súa finalidade, como iniciais, de desenvolvemento, de síntese, de reforzo e de ampliación.

Na elaboración e deseño das actividades educativas os referentes han de ser os criterios de avaliación e os contidos asociados.

Neste apartado tentaremos definir, especialmente na etapa de ESO, actividades diversas e variadas que poidamos empregar con esas finalidades, de xeito que sexan variadas, motivadoras, con diferente grao de dificultade, ... e que tamén non sirvan para atender a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e necesidade. É dicir, para atender á diversidade.

- **Actividades de lapis e papel:** Son todas aquelas que se poden realizar nun caderno, procesador de textos, blog ou wiki. Soen consistir na resolución de cuestionarios, exercicios, problemas, interpretación de gráficas, consulta bibliográfica, elaboración resumes, esquemas, táboas, ...
- **Experiencias rápidas:** Orientadas a demostrar ou comprobar certos aspectos relacionados cos contidos: observación das partes constituíntes en modelos reais ou a escala, demostración de feitos naturais, simulacións interactivas, gráficos animados, ...
- **Documentos curtos:** Neste grupo considéranse os recortes de prensa, artigos científicos que serán lidos, analizados e interpretados na clase, conforme ao establecido no proxecto lector. Trala lectura establecerase un debate para estimular a reflexión e extraer conclusión. Unha variación deste método pode ser a visualización de vídeos curtos seguidos dos correspondentes debates. Convén que a iniciativa do debate parta do alumnado; pero o profesorado pode ter preparado un cuestionario por se non xurde esa desexable iniciativa.

- **De ordenador e Internet (TICs):** De acordo co plan de integración das TICs, as novas metodoloxías son un recurso pedagóxico moi interesante a incorporar no sistema educativo. A través de Internet poden consultarse os contidos da materia, realizar cuestionarios de autoavaliación en aulas virtuais, realizar presentacións e actividades interactivas en encerados electrónicos, descargar apuntes e resúmenes, manter un blog e unha páxina wiki da clase, participar en foros, visualizar vídeos sobre a materia, elaborar e escoitar “podcasts”, ...
- **Investigacións e experiencias:** Consisten nas actividades de laboratorio e campo que estimulan as capacidades psicomotrices e cognitivas ao tempo que espertan o espírito e a filosofía científica. Desenvolver pequenos traballos de investigación buscando a solución experimental aos problemas, estimulando a reflexión e o espírito crítico cun comportamento acorde cos contidos actitudinais.
- **De exposición:** Neste apartado consideraremos tanto as exposicións preparadas de forma activa polo alumnado: carteis, murais, exposición de setas, preparación dun acuario, como aquelas nas que participa de forma pasiva visitando un museo (casa das Ciencias, acuario, Domus). Tamén se contemplan neste apartado a asistencia a conferencias e charlas, incluídas as explicacións do profesorado ou as presentacións elaboradas polos propios alumnos.

Ante a gran variedade de actividades de aprendizaxe proposta, á hora de avaliar é necesario agrupalas en relación cos procedementos de avaliación a aplicar en cada caso. Deste xeito podemos considerar os seguintes grupos:

- **Exercicios, tarefas e prácticas:** Trátase de actividades simples nas que a avaliación se centrará na participación e correcta realización. Competencias asociadas: CMCCT, CAA e CSC.
- **Producións:** Son actividades ou procesos que agrupan varias tarefas, tanto en traballo individual como de grupo. Trátase de pequenos ou grandes proxectos nos que hai que presentar un informe final. Na avaliación, ademais do sinalado no punto anterior, tamén se considera o informe final en canto a

presentación redacción e elaboración. Integra tódalas competencias: CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC.

- **Probas de coñecemento:** Trátase de exercicios e cuestionarios realizados individualmente para comprobar a adquisición dos contidos en base aos estándares de aprendizaxe. Competencias asociadas: CMCCT fundamentalmente.
- **Portafolio ou caderno:** Trátase de avaliar o conxunto do traballo realizado ao longo de cada período de avaliación ou do curso completo. Non só inclúe o caderno, senón tamén as tarefas realizadas en soporte dixital (blog, wiki, participación en foros, etc.). Principais competencias asociadas: CMCCT, CCL, CAA, CCEC.

Nótese que as actividades de producións permiten avaliar tódalas competencias, mentres que as tradicionais probas de coñecemento céntranse fundamentalmente na capacidade de memorizar as respostas a un cuestionario relativo á competencia científica que, non obstante, é a máis relacionada coa materia.

## 6.4.- AGRUPAMENTOS E USO DOS ESPAZOS

As actividades definidas no subapartado anterior realizaranse aplicando diversas formas de agrupamento como unha medida que se contempla na atención á diversidade, xa que a interacción entre o alumnado facilita o logro dos obxectivos.

Os MODELOS DE AGRUPAMENTO clasifícanse en: grupo individual (1 alumno), pequeno (2 a 4 alumnos), mediano (5 a 10 alumnos) e gran grupo (toda a clase). Os exames escritos é un clásico exemplo de grupo individual e os debates de gran grupo.

Segundo veremos no apartado de atención á diversidade, as modalidades de agrupamento adaptaranse ao modelo de aprendizaxe máis adecuado en cada caso.

Un modelo de agrupamento necesario para a realización de actividades de prácticas de laboratorio é o desdobre contando cun profesor ou profesora de apoio. Este curso contamos con desdobres de laboratorio na materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais de 1º de Bacharelato.



Os principais ESPAZOS UTILIZADOS son a aula de referencia, o laboratorio e as aulas de informática.

O espazo por antonomasia é a aula que, no caso da ESO, conta con proxector, pantalla e conexión a Internet. Ademais o noso centro é un centro Edixgal, co que cada alumno da ESO conta cun ordenador persoal para facilitar a incorporación das novas tecnoloxías (TICs) como recurso educativo.

Outro espazo interesante é o laboratorio, que se utiliza frecuentemente en grupos pouco numerosos (1º da ESO e 1º de Bacharelato grazas aos desdobres) pero pouco noutros grupos máis masificados.

Outro espazo que se utiliza con frecuencia son as dúas aulas de informática coas que conta o centro, e que poden reservarse para realizar actividades pedagóxicas empregando as TIC na aula virtual.

Pero calquera espazo do instituto é susceptible de ser empregado: a aula de usos múltiples para conferencias e proxección de vídeos, os corredores para exposición de setas, flores, carteis, ... , o patio para facer pequenas investigacións ecolóxicas, o entorno litoral externo para estudos sobre o medio mariño, o concello en xeral para analizar o ecosistema urbano humanizado, ...

# 7.- AVALIACIÓN

## 7.1.- AVALIACIÓN INICIAL

Ao comezo do curso realizarase unha proba baseada nos estándares de aprendizaxe básicos para determinar as competencias básicas de partida, as partes da materia que presentan máis dificultade e identificar ao alumnado que vai a precisar de medidas de reforzo.

Tamén se realizará unha avaliación inicial en gran grupo ao comezo de cada tema co obxecto de establecer o nivel xeral da clase e detectar os aspectos que requiren máis dedicación.

As actividades de reforzo aplicaranse de forma individualizada ou colectiva, segundo sexa o caso, mediante demostracións, vídeos, presentacións e actividades interactivas.

## 7.2.- AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación continua realízase valorando tódalas actividades de aprendizaxe que se e ao remate de cada tema ou bloque de contidos realizarase unha proba escrita tomando como referente os estándares de aprendizaxe. Para obxectivar a avaliación empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

## 7.3.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- **Proba escrita** de avaliación de conceptos (obxectivas, abertas, e de interpretación de datos). Asígnase a cada pregunta unha puntuación e a nota resulta da suma de tódolos puntos. Empréganse cuestionarios.
- **Traballos**: Son os informes, traballos ou exposicións presentados ao final dunha secuencia de tarefas. Empréganse rúbricas ou baremos para avaliar estas producións. Permiten avaliar varias competencias e orientan ao alumnado sobre os aspectos clave a ter en conta na elaboración. Inclúe os informes de prácticas.
- **Portafolio (opcional)**: Para valorar o conxunto das producións no caderno, blog (wiki, foros, etc.) e prácticas de laboratorio. No blog ou no caderno de clase escribírase diaria ou semanalmente un resumo dos contidos tratados sinalando as dificultades atopadas e outras observacións. Empréganse rexistros de observación ou rúbricas sinxelas.
- **Exercicios**: Empréganse follas de rexistro para realizar observacións puntuais das actitudes e da realización dos exercicios e tarefas simples: coñecemento e

emprego do vocabulario científico, razoamento lóxico, participación, preguntas, debates. Empréganse follas de rexistro sinxelas tipo ben, regular, mal.

- **Actitude:** Mediante o rexistro anecdótico tipo si/non ou positivo/negativo cualifícanse as actitudes, aptitudes e esforzo.

## 7.4.- CONTRIBUCIÓN DE CADA PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN Á NOTA FINAL

Os procedementos de avaliación poden realizarse por escrito en papel ou na aula virtual, gardando documentos xustificativos imprimibles.

Materia	Proba escrita	Traballo <sup>(1)</sup>	Participación <sup>(2)</sup>	Prácticas Laboratorio
Bioloxía e Xeoloxía de 4º ESO	80 %	10 %	10 %	-
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientas 1º Bacharelato	85 %	5%	5%	5%
Bioloxía 2º Bacharelato	90 % <sup>(3)</sup>	-	10%	-
Xeoloxía 2º Bacharelato	90 %	-	10%	-

(1) Enténdese por traballo un único traballo trimestral de tipo traballo de investigación práctica ou bibliográfica, xa sexa de forma individual ou grupal, de xeito impreso, dixital ou expositivo.

(2) Enténdese por participación a suma dos exercicios realizados ao longo da avaliación, a actitude na clase e a libreta (se é o caso).

(3) De forma xeral realizaranse dúas probas escritas por avaliación. En cada unha delas avalíaranse os contidos propios desa proba e ata un 20% da nota poderá ser sobre contidos xa avaliados en probas anteriores.

(4) Na materia de Xeoloxía de 2º de Bacharelato non se realizará ningún traballo como o descrito no punto (1). Este 10% da nota ven determinado pola realización dun exercicio práctico, como por exemplo unha actividade de interpretación de cortes xeolóxicos.

## 7.5.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- **Rúbricas ou baremos:** Empréganse na avaliación de exercicios e traballos nos que hai varias escalas de valoración (4 ou máis) para cada criterio cos seus correspondentes indicadores e ponderacións.
- **Lista de control:** Para cada criterio hai dúas opcións excluíntes ou dicotómicas: si/non, correcto/incorrecto, feito/non feito
- **Cuestionarios:** Asígnase a cada pregunta unha puntuación. O resultado é a suma ponderada de cada resposta correcta.

En tódolos instrumentos de avaliación haberá constancia do nome do alumno/a, data e nota, e deberanse conservar como documentos oficiais por un período non inferior a 6 meses de rematado o curso. En caso de solicitude sempre se entregará unha copia, nunca o orixinal.

## 7.6.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A nota da cualificación obtense coa media ponderada das probas realizadas ao longo do trimestre e curso.

O redondeo aplicarase á alza a partir das 5 décimas e á baixa por debaixo das 5 décimas.

## 7.7.- RECUPERACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN

- **Actividades de reforzo** para o alumnado con dificultades educativas: consistentes en exercicios interactivos, de autoavaliación e cadernos de actividades.
- **Actividades de ampliación:** Exercicios de busca de información, tipo webquest, elaboración de presentacións, blogs, e outros recursos TIC.
- **Actividades de recuperación:** Repetición das probas ou realización de exercicios (considerando medidas de atención á diversidade) nas condicións

determinadas en cada materia e curso. Se algún alumno nas supera, terá opción a un exame ou exercicio de suficiencia, a final de curso.

## **7.8.- AVALIACIÓN FINAL**

No caso de ter algunha avaliación trimestral suspensa, e tamén a súa recuperación (só aplicable á 1ª e 2ª avaliación), procederase a realizar unha proba de recuperación final que incluírá os contidos das avaliacións non superadas.

A cualificación final será a media ponderada de tódalas probas trala substitución das notas suspensas polas recuperacións (escolloendo sempre a nota máis alta entre estas dúas).

En todo caso, non será imprescindible ter superadas tódalas probas e cualificacións trimestrais para a cualificación final.

Respecto ao redondeo aplícase o procedemento xeral indicado no punto 7.6

## **7.9.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO**

A avaliación extraordinaria de xuño consistirá nunha proba escrita referente aos estándares de aprendizaxe de tódolos temas.

Ao non tratarse dunha proba de suficiencia, as preguntas terán distinto grao de dificultade igual que as probas realizadas ao longo do curso.

## **7.10.- AVALIACIÓN DE PENDENTES**

O alumnado coa materia pendente doutro curso poderá recuperala mediante a entrega de boletíns de recuperación e a presentación a unha proba escrita.

Cada mes (de outubro a abril) entregarase a este alumnado un caderno de actividades ou boletín de exercicios que en conxunto, cubran os estándares avaliábeis da materia. Estes boletíns serán recollidos para súa corrección ao finalizar os prazos determinados

Segundo a normativa vixente, o profesorado que imparte a materia do curso que

A xefatura de departamento encargárase da entrega do material (en papel ou a través da aula virtual ou o e-Dixgal), da convocatoria dos prazos (especificados na aula virtual), da recollida dos boletíns e da avaliación do traballo realizado polo alumnado con pendentes.

Adicionalmente, convocarase ao alumnado a realizar unha proba escrita nas datas que estableza o centro educativo.

**A cualificación na ESO será un 50% a proba escrita e un 50% a valoración dos cadernos de actividades.**

**A cualificación en Bacharelato será un 80% proba escrita e un 20% a valoración dos cadernos de actividades.**

## 7.11.- ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS

En ocasións preséntasenos unha situación particular na que un grupo de alumnos de 2º de Bacharelato que non habéndose matriculado de Bioloxía e Xeoloxía de 1º comunicou a súa intención de matricularse en materias impartidas por este departamento en 2º de Bacharelato.

Dada a obrigatoriedade legal de ter aprobada a Bioloxía e Xeoloxía de 1º para matricularse materias de 2º de Bacharelato, deberá demostrar os coñecementos suficientes da primeira.

Nesta situación o alumnado realizará unha proba escrita sobre os estándares de aprendizaxe básicos para un aproveitamento eficaz das clases de segundo curso.

Esta proba poderá ser realizada en calquera momento que acorden alumnado e profesorado que imparte a materia de primeiro; pero como caso por defecto farase coincidir coas avaliacións de setembro ou de pendentes, nas datas que estableza o centro educativo.

## 7.12.- RECLAMACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

Aparte do establecido no procedemento regulamentario, ante calquera reclamación terase en conta que para aprobar débese superar o grao mínimo de consecución establecido para cada estándar de aprendizaxe e os criterios de avaliación dos contidos correspondentes.

## 7.13.- COPIA E PLAXIO

En caso de copia, plaxio ou fraude, a testemuña do profesorado terá presunción de veracidade cando estea baseada na observación e non na sospeita. Por exemplo, é proba cando se pilla a un alumno copiando e se lle chama a atención; pero non cando se sospeite do ben que está unha resposta. En todo caso, será o profesorado implicado quen deba admitir os argumentos aportados polo alumnado. Nos casos de sospeita débense conseguir probas. Por exemplo a copia textual dun libro ou web. Anotar a url da web.

En función da gravidade a criterio do profesor, a copia pode supoñer a non cualificación do exame ou a anulación das respostas copiadas. Na ESO hase de intentar recuperar o exame no menor prazo de tempo, por exemplo poñéndolle outro exame ao retirarlle o anterior. Débeselle dar a posibilidade da recuperación coas mesmas oportunidades de quen suspende por non copiar.

Para evitar os plaxios de copia e pega sen ler o que pon, nos traballos marcarase unha estrutura que hai que respectar e avaliar mediante unha rúbrica. En todo caso se cualificarán con mellor nota os resumos dos textos de referencia.

# 8.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A Lei 2/2006 (LOMCE) esixe un ensino de calidade para todo o alumnado, considerando a diversidade de intereses, características e situacións persoais. A atención á diversidade é considerada un principio fundamental para acadar a educación adecuada ás características e necesidades do alumnado.

## 8.1.- DIVERSIDADE NA APRENDIZAXE

A diversidade na aprendizaxe maniféstase de tres formas:

- a) **Capacidade de aprendizaxe:** Relacionada co desenvolvemento do alumno. Propóñense actividades de reforzo constante para os alumnos que o precisen e reforzos só en determinados contidos para outros alumnos. Pode solicitarse a colaboración das familias sen temor a estar cometendo unha discriminación contra o alumnado sen dificultades xa que a Constitución e a normativa educativa, actual e previa, consideran que o discriminatorio é non apoiar a estes alumnos. Tamén se ofertarán tarefas de ampliación e profundización para o alumnado interesado.
- b) **Motivación por aprender:** Depende da idade, éxitos e fracasos sufridos, así como do desenvolvemento e madurez das capacidades intelectuais. Con estes alumnos debe incentivarse a motivación expoñendo a utilidade práctica de cada unidade tratando de axustala aos intereses propios do alumnado cun significado lóxico e funcional. Tamén se debe animar ao alumnado con dificultades resaltando os seus logros para despertar o interese, a motivación e as súas expectativas.



- c) **Estilos de aprendizaxe:** Dependem da personalidade e as preferencias de cada alumno. Incorporaremos diferentes estilos de aprendizaxe para chegar a todo o alumnado, por exemplo tarefas de perspectiva máis global ou máis local, tarefas que requiran longos períodos de atención e outras máis curtas intercaladas con descanso, tarefas nas que predominen as vías audiovisuais e outras máis convencionais, tarefas en grupo e outras individuais...

## 8.2.- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Vista a variedade de casos e situacións que se presentan na aula, e dada a dificultade para prestar unha atención individualizada e eficaz, sen riscos de quedarnos curtos no desenvolvemento dos amplos contidos da materia, propóñense as seguintes adaptacións curriculares:

### 8.2.1.- ADAPTACIÓNS CURRICULARES NON SIGNIFICATIVAS.

Non precisan dunha organización moi diferente á habitual nin afectan aos compoñentes prescritivos do currículo.

O plan de atención á diversidade aplícase segundo o seguinte esquema:



Planificarase a actividade docente incorporando recursos e estratexias que permitan ofrecer respostas diferenciadas ás diversas necesidades que poidan xurdir, de xeito que se aplique unha atención á diversidade preventiva, anticipándose ao xurdimento das dificultades.

A tal fin, a partir dos contidos mínimos que debe impartir o profesorado, determinaranse os contidos imprescindibles para acadar os obxectivos e adquirir as competencias.

Fixaranse estes mínimos para todo o grupo, considerando que non todos teñan que acadar necesariamente as mesmas aprendizaxes co mesmo ritmo e co mesmo grao para todo tipo de contidos.

A continuación estableceranse as actividades de formación, consolidación, reforzo e ampliación en función das características específicas de cada alumno.

Por último deseñaranse actividades de avaliación de obxectivos e de recuperación en base aos criterios establecidos na programación que estarán relacionados coas competencias básicas.

Utilizaranse **metodoloxías diversas en** función das necesidades que en cada momento demanden os alumnos, axustándose aos estilos de aprendizaxe sinalados no subapartado anterior.

Realizaranse **diferentes actividades**. Os alumnos con dificultades farán tarefas curtas e amenas como xogos de simulación, carteis, consultas en Internet, e os que avancen máis rapidamente realizarán actividades complementarias ou de ampliación. A través da aula virtual podemos ter prevista unha serie de actividades diferentes, con distinto grao de complexidade e orientadas aos sistemas de aprendizaxe para traballar os mesmos contidos, así como actividades de reforzo e ampliación.

Utilizarase **material didáctico variado** como vídeos didácticos, prácticas de laboratorio, modelos de simulación, análise de debuxos e gráficos e emprego das TIC. A través da aula virtual poden poñerse a disposición do alumnado para que os empregue cando queira. O emprego de material didáctico variado persegue: consolidar contidos que supoñen unha maior dificultade de adquisición, ampliar e aprofundar en temas de especial relevancia para o desenvolvemento de cada área, practicar habilidades instrumentais ligadas aos contidos, enriquecer o coñecemento de aqueles temas sobre os que o alumnado mostra curiosidade e interese.

Realizaranse **agrupamentos flexibles** que permitan aos alumnos traballar en distintas tarefas, realizar actividades de reforzo ou ampliación segundo as necesidades de cada grupo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos.

Ofertaranse **actividades de reforzo e ampliación** con diferente grao de dificultade. As primeiras sobre os contidos da unidade e deben situarse entre o que os alumnos

xa saben facer de maneira autónoma e o que son capaces de facer coa axuda do profesorado ou dos compañeiros. As segundas versarán sobre aspectos máis complexos da unidade ou incluso alleos á mesma. Isto non significa que lle baixemos a nota aos alumnos que non realicen as actividades de ampliación que nin son obxectivos, nin contidos, nin criterios de avaliación contemplados na programación. Pero si lle podemos mellorar a nota aos que as realicen.

### **8.2.2.- ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS.**

Elabóranse para os alumnos que presentan necesidades educativas especiais ou posúen un historial escolar e social que produce lagoas que impiden a adquisición de novos contidos e, á súa vez, desmotivación e desinterese. Nestes casos é necesaria a elaboración dun ACI.

Consisten basicamente na eliminación de contidos esenciais ou nucleares e/ou obxectivos que se consideran importantes nas diferentes áreas curriculares, e a conseguinte modificación dos respectivos criterios de avaliación.

#### ● Destinatarios.

Estas adaptacións lévanse a cabo para ofrecerlles un currículo equilibrado e relevante aos alumnos con necesidades educativas especiais.

Dentro deste colectivo de alumnos, aténdese tanto a aqueles que presentan limitacións de natureza física, psíquica ou sensorial, coma aos que posúen un historial escolar e social que produciu “lagoas” que impiden a adquisición de novos contidos e, á súa vez, desmotivación, desinterese e rexeitamento.

#### ● Finalidade.

Tenderán a que os alumnos alcancen as capacidades xerais da etapa de acordo coas súas posibilidades.

#### ● Condicións.

As adaptacións curriculares estarán precedidas dunha avaliación das necesidades especiais do alumno e dunha proposta curricular específica.

### 8.2.3.- OUTRAS FORMAS DE ATENDER Á DIVERSIDADE DENDE O CENTRO EDUCATIVO.

Agrupamentos específicos, reforzo educativo, desdobres etc., son outras formas de atención á diversidade ás que podemos recorrer.

# 9.- CALENDARIO ESCOLAR E TEMPORALIZACIÓN

Segundo a *Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23*, xunto coas datas das avaliacións aprobadas polo claustro, a temporalización do curso queda da seguinte forma:

- Para todos os grupos dende 1º da ESO ata 1º de Bacharelato:
  - 1ª Avaliación: dende o 8 de setembro ata o 16 de decembro.
  - 2ª Avaliación: dende o 19 de decembro ata o 17 de marzo.
  - 3ª Avaliación: dende o 17 de marzo ata o 2 de xuño.
  - O período comprendido entre o 5 de xuño e o 22 de xuño queda reservado para a realización das probas extraordinarias, así como as actividades de reforzo para os alumnos que teñan que presentarse a estas probas. Para o resto dos alumnos programaranse actividades de ampliación.

- Para todos os grupos de 2º de Bacharelato:
  - 1ª Avaliación: dende o 8 de setembro ata o 25 de novembro.
  - 2ª Avaliación: dende o 28 de novembro ata o 3 de marzo.
  - 3ª Avaliación: dende o 6 de marzo ata o 16 de maio.
  - Despois do 16 de maio, aproximadamente, procederase ao repaso para a preparación da proba ABAU, así como a preparación do alumnado que non aprobouse a materia para a súa recuperación na proba extraordinaria de xuño.

## 10.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Esta sería unha relación das posibles actividades a realizar, se as circunstancias o permiten.

- Semana da Ciencia en Galego. Mes de Novembro. Colaboración co Dpto de Normalización Lingüística.
- Olimpíada de Xeoloxía. Alumnado de 4º da ESO e 1º de Bacharelato.
- Obradoiro xeolóxico. 1º Bacharelato.
- Saída do Proxecto Ríos. Primavera. 1º ESO.
- Limpeza de praias para conmemorar o día dos Océanos. Xuño. 1º ESO.
- Parque Carreirón da Illa. Calquera nivel de ESO, Bacharelato ou ciclo. Observación e identificación de cogomelos e aves.
- Actividades en Siradella e visita ao acuario O Grove 1º ESO.
- Saídas ó contorno. Calquera nivel de ESO, bacharelato ou ciclo.
- Conferencias científicas 2º Bacharelato.

- Conferencias e obradoiros de ADEGA ou propostos por outros colectivos ecoloxistas, científicos e relacionados coas Ciencias Naturais.
- Realización de viveiros de diferentes plantas e árbores dentro do recinto pechado do instituto.
- Exposición de cogomelos, plantas e moluscos.

# 11.- AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Mediante o seguimento e observación da motivación e o progreso do alumnado e do profesorado, a eficacia e a eficiencia das actividades e métodos de aprendizaxe, especialmente cara ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, e a adecuación dos recursos educativos, realizarase unha análise das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (análise DAFO) co obxecto de realizar os cambios no momento en que se detecte a súa necesidade. Discutiranse nas reunións do departamento, recolleranse en acta e actuarase para mellorar a situación.

Os cambios realizados na programación terán validez desde o momento en que se recollan na acta do departamento, aínda que non consten na programación do curso actual.

## 11.1.- CRITERIOS A CONSIDERAR

Alguns dos aspectos aos que atenderá son os seguintes:

- a) Organización e coordinación do equipo. Grao de definición. Distinción de responsabilidades.
- b) Planificación das tarefas. Dotación de medios e tempos. Distribución de medios e tempos. Selección do modo de elaboración.
- c) Participación. Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no

traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os alumnos e alumnas, e entre alumnado e profesorado.

- d) Programación: Adecuación dos obxectivos, contidos, metodoloxía, actividades pedagóxicas, procedementos e criterios de avaliación ao PCC e ao DCB. Validez dos criterios de atención á diversidade, adecuación dos recursos e da metodoloxía coas necesidades reais. Grao de cumprimento e temporización.

## 11.2.- INSTRUMENTOS DE SEGUIMIENTO E OBSERVACIÓN

Revisemos algúns dos procedementos e instrumentos existentes para avaliar o proceso de ensinanza :

- **Cuestionarios**

- Aos profesores.
- Aos alumnos.
- Aos pais.

- **Intercambios orais**

- Entrevista cos alumnos.
- Debates.
- Entrevistas con pais.
- Reunións con pais.

- **Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos:**

- Considerarase sinal de alarma e analizaranse as causas e proporanse medidas de acción cando a porcentaxe de suspensos nun curso supere o 30 % na ESO e o 40 % no bacharelato.

O resultado desta avaliación plasmarase na memoria de fin de curso que recollerá a valoración persoal de cada un dos profesores e profesoras que imparten cada materia, así como as propostas de mellora de cara ao curso seguinte.

# **12.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

